

PA C T A

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

27 de setembro de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e sete de setembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8258.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Y2rey45OULjilpkT8GzVExxUlGu8iil mOCZLLiYb7gf7JNE5>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria de 13 de setembro.

a) Parte resolutiva:

2.8259.- **APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS OBRAS DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2024062793-2021053554)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ZbF8AGfbZhYX3I2KJnZt2fMZq v3PMuIqHHBApV4b7371BoFs>

Resultando.- Que o Pleno da Deputación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de setembro de 2022 acordou adxudicar o procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco para regular as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA NORTE

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	9,130 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

LOTE 2- ZONA CENTRO

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L.	7,970 %



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

LOTE 3- ZONA SUR

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	8,100 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión extraordinaria celebrada o día 15 de setembro de 2023 acordou aprobar a primeira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra entrando en vigor para o contrato do lote 1 o día 4 de novembro de 2023 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2023.

Resultando.- Que en escrito que consta no expediente con (CSV) U2DH5HSGEQDT9TOB, do xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas, coa conformidade da Deputada Delegada desa área, recóllese que dada a proximidade da fin da vixencia dos diversos contratos do Acordo marco de referencia, faise necesario prorrogar o devandito acordo marco, polo período dun (1) ano.

Resultando que o importe estimado anual da prórroga (IVE incluído) para cada un dos lotes do acordo marco é o seguinte:

Lote 1	Lote 2	Lote 3
665.125,49 €	738.228,55 €	595.975,48 €

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC certificando a existencia de crédito para facer fronte os gastos desta prórroga:

LOTE	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
1	202400187122	665.125,49 €	24/456.4530.612.01
2	202400187127	738.228,55 €	24/456.4530.612.01
3	202400187131	595.975,48 €	24/456.4530.612.01



Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote, realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto do servizo de Contratación, Secretaría e Intervención (CSV) RX8O5XMO3H4T74V3, emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral e o Interventor da Deputación de Pontevedra, no que se informa favorablemente a proposta de prórroga do acordo marco.

Considerando.- Que a cláusula 6 do Prego de cláusulas económico administrativas que rexeu nesta contratación establece que, a duración do acordo marco será dun ano a contar dende a data da súa formalización, establecendo que o acordo marco poderase prorrogar ata tres veces por períodos de un ano.

Considerando.- Que o artigo 219.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público establece en relación á duración dos acordos marco, que “A duración dun acordo marco non poderá exceder de catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificados...”

Considerando.- Que o artigo 29.2 da LCSP establece que “A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.

Considerando.- Que de conformidade co establecido no apartado 1 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do orzamento provincial, correspondeulle ó Pleno da Corporación actuar como o órgano de contratación deste acordo marco.



Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

1. Aprobar a segunda prórroga do “Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA NORTE	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B15410608)	665.125,49 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 9,13 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

LOTE 2 – ZONA CENTRO	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L. (U72478480)	738.228,55 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 7,97 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

LOTE 3 – ZONA SUR	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861)	595.975,48 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 8,10 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

A entrada en vigor desta segunda prórroga do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o contrato do lote 1 será o día 4 de novembro de 2024 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2024.

2. Autorizar un gasto por un importe global de 1.999.329,52 € IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, e de acordo co seguinte detalle:



Lote 1	Lote 2	Lote 3
665.125,49 €	738.228,55 €	595.975,48 €

3.8260.- **ADQUISICIÓN DIRECTA E ONEROSA, POLA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE VIGO COÑECIDO COMO “TEATRO CINE FRAGA” (EXPTES. 2024062796-2024062333)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/6hoirTu79vYmiV5BhZw0AsbEY2TI1GY6aWeHTnGEO9jU4P0u>

Con data 19 de xullo de 2024 asínase o acordo entre a Xunta de Galicia, a Deputación provincial de Pontevedra e ABANCA Corporación Bancaria, S.A. para a adquisición dun inmovible no Concello de Vigo coñecido como “Teatro Cine Fraga”, coa seguinte descrición:

Edificio “Teatro Cine Fraga” sito na rúa Uruguai 1 do concello de Vigo con fronte á rúa Uruguai facendo esquina coa Travesía de Isabel II, que ocupa a superficie de 1.381,10 m². Trátase dun edificio de estrutura de formigón e fachada de granito que linda: fronte ou sur, coa rúa Uruguai; pola esquerda entrando, ou oeste, coa Travesía de Isabel II, pola dereita ou leste, coa finca do señor Fraga; polo fondo ou norte, con esta finca e con outra de Agustín Novoa e Amalia Curbera Fernández. O edificio pode considerarse formado por catro corpos verticais sucesivos que a súa vez se subdividen polo plano horizontal definido pola rasante da rúa Uruguai.

Referencia catastral: 3363009NG2736S0001MB.

Inscrito no rexistro da propiedade nº 1 de Vigo ao tomo e libro 1087, folio 83 finca 71.665.

Propietaria: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A.

Escritura pública de compravenda formalizada o 30 de xuño de 2001 ante o notario Antonio Salgueiro Armada con nº de protocolo 695, e da escritura pública de constitución da entidade NCG BANCO S.A. (actualmente Abanca



Corporación Bancaria, S.A.) previa segregación da Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra, outorgada o 14 de setembro de 2011 ante o notario Manuel Amigo Vázquez co nº de protocolo 1.600.

No referido acordo, ABANCA comprométese a vender, e a Xunta e a Deputación de Pontevedra a adquirir, cunhas cotas de participación do 51% e do 49% respectivamente, o devandito edificio, polo prezo de nove millóns trescentos mil euros (9.300.000 €).

Para dar cumprimento aos compromisos adquiridos no referido acordo, o Presidente da Deputación de Pontevedra, mediante Resolución Presidencial núm. 2024007216, de 11 de setembro de 2024, incoa o expediente para a adquisición directa e onerosa, pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, dun inmovible no Concello de Vigo coñecido como “Teatro Cine Fraga”.

Visto que, con data 16 de setembro de 2024, os deputados delegados das áreas de Equipamentos Públicos e Cultura da Deputación de Pontevedra emiten memoria, que xustifica a adquisición conxunta do Teatro Cine Fraga de Vigo no marco da competencia provincial de cooperación para o fomento do desenvolvemento económico e social, establecida no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Así, o interese da Deputación de Pontevedra pola adquisición do Cine Fraga de Vigo céntrase fundamentalmente no seu potencial como espazo clave para o desenvolvemento das políticas culturais e na súa relevancia como edificio emblemático no contexto histórico e cultural da cidade.

A xustificación e interese da compra conxunta por parte da Deputación e a Xunta de Galicia responde a varios factores que están aliñados cos obxectivos estratéxicos de ambas institucións en materia de desenvolvemento cultural, económico e social. Esta colaboración interadministrativa busca aproveitar as sinerxías para optimizar os recursos e maximizar o impacto positivo do proxecto.

Visto que, con data 17 de setembro de 2024, o servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, emite memoria xustificativa sobre o procedemento a seguir para a pretendida adquisición, informando que o réxime xurídico deste



contrato é o propio dun contrato privado suxeito á lexislación patrimonial, por tratarse dun negocio xurídico excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Xustifícase a adquisición directa ao abeiro do artigo 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, que permite acudir a este procedemento en base ás condicións do mercado inmobiliario e á especial idoneidade do ben.

Neste punto, a memoria constata no expediente informe de valoración económica do inmovible elaborado pola Xunta de Galicia, que establece que o prezo de venda se atopa por debaixo do valor mínimo do mercado, o que xustifica a oportunidade desta adquisición. Asemade, considera que a Resolución Presidencial de incoación do expediente xustifica a idoneidade do inmovible para destinalo a usos culturais da cidadanía, tendo en conta a súa localización estratéxica no centro da cidade de Vigo, e o seu indubidable carácter emblemático e simbólico na provincia de Pontevedra.

Tendo en conta que a Deputación de Pontevedra dispón de plena capacidade xurídica para adquirir toda clase de bens ao amparo do establecido no art. 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), art. 270 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), e art. 9 do Real Decreto 1732/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Entre os modos de adquirir, o art. 15 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), de aplicación xeral, e o art. 10 do RBEL, establecen que as Administracións públicas poderán adquirir a título oneroso, con exercicio ou non da potestade de expropiación.

Tendo en conta que, non existindo, no ámbito da Comunidade Autónoma, normativa máis específica que a citada, que resulte de aplicación á adquisición de bens por parte dos entes locais da devandita Comunidade, resulta de aplicación supletoria o art. 116.4 da LPAP, segundo o cal a adquisición realizarase ordinariamente mediante concurso público ou procedemento de licitación restrinxida, permitindo acordar a adquisición directa en determinados supostos, entre os que se atopan as condicións do mercado inmobiliario e a especial idoneidade do ben.



Tendo en conta que, en relación ás condicións do mercado inmobiliario, consta no expediente informe de valoración económica do inmovible elaborado pola Xunta de Galicia que establece un valor de mercado do inmovible entre 13.134.263,73 € e 16.273.471,83 €, polo que o prezo de venda de 9.300.000,00 € se atopa por debaixo do valor mínimo do mercado, que xustifica a oportunidade desta adquisición. Dita valoración atópase conformada polo servizo de Arquitectura provincial, mediante informe de data 17 de setembro de 2024.

Tendo en conta que, en relación coa especial idoneidade do ben, na Resolución Presidencial de incoación do expediente, xustifícase a idoneidade do inmovible “Teatro Fraga” para destinalo a usos culturais da cidadanía, tendo en conta a súa localización estratéxica no centro da cidade de Vigo, e o seu indubidable carácter emblemático e simbólico na provincia de Pontevedra, e considérase de máximo interese colaborar coa Xunta de Galicia para a adquisición deste inmovible, para recuperar este espazo e destinalo a usos culturais da cidadanía.

Conseguiríase así recuperar como espazo público unha xoia da arquitectura civil de Galicia pechada desde 2001, coa pretensión de deseñar un proxecto cultural de envergadura e continuidade no tempo na provincia de Pontevedra, liderado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Deputación.

Visto que consta no expediente a documentación acreditativa da personalidade, capacidade e titularidade do inmovible de Abanca Corporación Bancaria, S.A. (CIF: A70302039).

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de 16 de setembro de 2024, que observa que debería procederse á depuración do ben inmovible a efectos rexistrals.

Tendo en conta que consta no expediente Nota simple do Rexistro da Propiedade nº 1 de Vigo, de data 17 de setembro de 2024, que acredita a titularidade en pleno dominio do inmovible a nome de Abanca Corporación Bancaria, S.A. (CIF: A70302039).

Tendo en conta que, con data 17 de setembro de 2024, a Intervención emite documento de retención de crédito por importe de 4.557.000,00 euros, con



cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9330.622.00 do vixente Orzamento provincial, no que certifica a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender aos gastos que deriven da presente contratación.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 17 de setembro de 2024, coa seguinte observación:

“Considerando o réxime de cotitularidade de ambas Administracións (Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra) sería recomendable dispoñer con carácter previo ou simultáneo dun Convenio de colaboración entre ambas partes a efectos de definir ou delimitar minimamente cuestións crave como proxecto cultural a executar, proxecto de rehabilitación (administración contratante estimación de custes, prazos de execución e réxime de achegas), custes de mantemento, subministracións e persoal (entidade contratante e réxime de achegas), resolución de conflitos ou incumprimentos, entre outros.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 10, faculta ao Pleno para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato; o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

O Pleno de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG:

1. Autorizar o gasto polo importe máximo de 4.557.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9330.622.00 do vixente Orzamento provincial.
2. Aprobar o prego de cláusulas económico administrativas particulares que rexerán dita contratación (CSV: OT0YS2Z6QJCFZ0C).



3. Adquirir conxuntamente coa Xunta de Galicia o inmovible coñecido como “Teatro Cine Fraga” de Vigo, mediante adquisición directa e onerosa a Abanca Corporación Bancaria, S.A. (CIF: A70302039), polo prezo e valores ofertados, conforme ao seguinte:

O presente acordo da Deputación de Pontevedra de adquisición do inmovible na porcentaxe do 49% queda condicionado ao acordo que, no seu caso, adopte a Xunta de Galicia para a adquisición do inmovible na porcentaxe do 51%.

Datos do inmovible:

Edificio “Teatro Cine Fraga” sito na rúa Uruguai 1 do concello de Vigo con fronte á rúa Uruguai facendo esquina coa Travesía de Isabel II, que ocupa a superficie de 1.381,10 m². Trátase dun edificio de estrutura de formigón e fachada de granito que linda: fronte ou sur, coa rúa Uruguai; pola esquerda entrando, ou oeste, coa Travesía de Isabel II, pola dereita ou leste, coa finca do señor Fraga; polo fondo ou norte, con esta finca e con outra de Agustín Novoa e Amalia Curbera Fernández. O edificio pode considerarse formado por catro corpos verticais sucesivos que á súa vez se subdividen polo plano horizontal definido pola rasante da rúa Uruguai.

Referencia catastral: 3363009NG2736S0001MB.

Inscrito no rexistro da propiedade nº 1 de Vigo ao tomo e libro 1087, folio 83 finca 71.665.

Propietaria ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., en virtude de Escritura pública de compravenda formalizada o 30 de xuño de 2001 ante o notario Antonio Salgueiro Armada con nº de protocolo 695, e da escritura pública de constitución da entidade NCG BANCO S.A. (actualmente Abanca Corporación Bancaria, S.A.) previa segregación da Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra, outorgada o 14 de setembro de 2011 ante o notario Manuel Amigo Vázquez co nº de protocolo 1.600.

Prezo:

Nove millóns trescentos mil euros (9.300.000,00 €).



Financiación:

A Xunta de Galicia ten unha cota de participación do 51% (4.743.000,00 €) e a Deputación de Pontevedra do 49% (4.557.000,00 €).

As obrigas económicas da Deputación de Pontevedra que resulten deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9330.622.00 do vixente Orzamento provincial.

O prezo será satisfeito proporcionalmente ás cotas de participación da Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, ao tempo do outorgamento da escritura pública de compravenda correspondente.

Formalización:

A formalización do contrato efectuarase en escritura pública, debendo inscribirse posteriormente o ben no Rexistro da Propiedade a favor dos adquirentes, sen condición ou limitación algunha.

O outorgamento da escritura pública deberá efectuarse non máis tarde do quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación polo candidato.

Responsable do contrato:

Pablo Montero Carrera, xefe do servizo de Contratación Facenda e Patrimonio, sen prexuízo da persoa que nomee como tal a Xunta de Galicia.

4. Unha vez formalizada a adquisición, dar de alta o inmovible no Inventario Xeral de Bens e Dereitos provincial, no epígrafe correspondente.

4.8261.- **RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO NOVO VIAL DE INTERCONEXIÓN ENTRE A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO (ANTIGA ESTRADA A MARÍN) E A AVDA. DE MARÍN EN MOLLAVAO: ACCESO OESTE A PONTEVEDRA (EXPTES. 2024064394-2020054472)**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/drmslSqTzz3XMbIn7y61Q1r7kt4kaNHSGAkxOFnNg0uhXKgy>

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- En data 02/12/2020 o Concello de Pontevedra presentou no Rexistro da Deputación Provincial a correspondente solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra o Concello de Pontevedra para a execución do novo vial de interconexión entre a rúa de Rosalía de Castro (antiga estrada a Marín) e a Avenida de Marín en Mollavao: acceso oeste a Pontevedra, cun orzamento base de licitación de obra de 938.824,63€, a financiar integramente pola Deputación nos exercicios 2020 e 2021.
- O Pleno, na súa sesión extraordinaria do 15/12/2020, mediante o acordo núm. 2.7539, aprobou dito convenio, procedéndose á súa sinatura entre ambas administracións o 28/12/2020.
- O 13/06/2024 o Concello de Pontevedra presentou no Rexistro de Deputación (núm. Rexistro WEB2024009962) un escrito solicitando a reunión da Comisión de Seguimento do convenio, segundo o procedemento establecido na cláusula décimo primeira do convenio.
- En data 20/06/2024 a Comisión de Seguimento acorda resolver o devandito convenio, recolléndose na acta de 27/06/2024 (CSV:7GLXB4W21OZUSWBV) o seguinte:

“(…) En data 28/12/2020 asinouse o “Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do novo vial de interconexión entre a rúa de Rosalía de Castro (antiga estrada a Marín) e a Avenida de Marín, en Mollavao: acceso oeste a Pontevedra”, cos obxectivos compartidos de implementar medidas de calmado de tráfico, mobilidade amábel e sostible e seguranza e calidade medioambiental e baixo a premisa de contribuír ao desconxestionamento e diversificación dos tráxicos de paso e mellora da conectividade da entrada oeste da cidade, xunto coa creación de novos espazos para a mobilidade peonil.

A representación do Concello de Pontevedra expón que, debido ás incidencias xurdidas no proxecto do novo vial de conexión entre a avenida de Marín e a rúa de Rosalía de



Castro, e a imposibilidade de iniciar as obras por mor do atraso no outorgamento da concesión en materia de DPMT (Dominio Público Marítimo Terrestre) concedida por resolución da directora xeral da Dirección General de la Costa y el Mar, por delegación da Ministra para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra en data 13/03/2024 non é posible executar no prazo estipulado no convenio, catro anos de vixencia dende a súa sinatura, pois os retrasos rexistrados de Costas nestas actuacións obrigan a ter que iniciar de novo algún trámite, como é a autorización de ADIF que caducou e hai que volver a solicitala.

Polo exposto, e ante a imposibilidade material de realizar as obras obxecto deste Convenio antes da finalización do prazo de execución e finalización do investimento previsto no mesmo, isto é, o 28/12/2024, e, polo tanto, ante a imposibilidade da celebración dunha addenda por exceder o convenio do prazo máximo legal permitido (catro anos), a Comisión de Seguimento propón **resolver o convenio, liberar o crédito** do mesmo para financiar un novo convenio, isto é, **938.824,63€** (264.964,58€ procedentes da aplicación 2024/942.9420.762.14.2020 e 673.860,05€ da aplicación 2024/942.9420.762.14.2021), polo Pleno da Deputación de Pontevedra, mediante a tramitación dun expediente de modificación de crédito, **tramitar un novo convenio** cunha vixencia de **dous anos prorrogable por un máis**, en caso de necesidade de ampliación do prazo de execución ou da xustificación do investimento.”.

- A xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable en data 09/09/2024 (CSV:10N5QKEPLUXM04E7), e a Intervención provincial emite o 16/09/2024 dilixencia de conformidade respecto do devandito informe-proposta (CSV:LDKCXB0CVH20NJES). En data 20/09/2024 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais .

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016 (OXS).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do novo vial de interconexión entre a rúa de Rosalía de Castro (antiga estrada a Marín) e a Avenida de Marín en Mollavao: acceso Oeste a Pontevedra.

Consideracións xurídicas

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución



comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia de resolución do convenio

- Artigos 51 e 52 da LRXSP, relativo á extinción dos convenios e aos efectos da resolución dos convenios.
- Cláusula décimo primeira do convenio, que recolle entre as causas de resolución dos convenios o acordo unánime dos asinantes

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

Na data 20/06/2024 a Comisión de Seguimento e Control do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Pontevedra para a execución do novo vial de interconexión entre a rúa de Rosalía de Castro (antiga estrada a Marín) e a Avenida de Marín en Mollavao: acceso oeste a Pontevedra, acordou unanimemente resolver o dito convenio asinado o 28/12/2020, de conformidade co establecido no artigo 51 da LRXSP e a cláusula décimo primeira do convenio.

Segundo o artigo 52 da LRXSP a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos. Neste caso as obras do investimento non comezaron e non se realizou ningún pagamento ao Concello de Pontevedra por parte da Deputación.

Por todo o exposto, e á vista do informe da xefa do Servizo de Cooperación de 09/09/2024 (CSV:10N5QKEPLUXM04E7), da dilixencia de conformidade da Intervención provincial de 16/09/2024 (CSV:LDKCXB0CVH20NJES) e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/09/2024 (CSV:KKX1T6F89GN20QA4), o Pleno acorda por unanimidade:

- Resolver e dar por extinguido o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do novo vial de interconexión entre a rúa de Rosalía de Castro



(antiga estrada a Marín) e a Avenida de Marín en Mollavao: acceso oeste a Pontevedra.

- Deixar en dispoñible crédito por importe de 938.824,63€.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.8262.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “NOVA SENDA PEONIL NO PASEO NAVAL” PRESENTADO POLO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTES. 2024064396-2023030705)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/LPnL4X4sWsAxUQXC0Ek2bRxyNwkoAwpc2mfYOK0TsoAGkc1T>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno provincial na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Illa de Arousa con destino á execución da actuación denominada “Nova senda peonil no Paseo Naval”, ao abeiro do Programa PON2030.
O orzamento do investimento ascendía a 442.520,00€ e a subvención concedida a 398.268,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 44.252,00€.



- O 13/12/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre ambas administracións.
- Na data 05/03/2024 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 441.590,71€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 929,29€ (0,21%), formalizándose o contrato administrativo o 18/03/2024.
- Debido a que, durante a execución da obra, a dirección facultativa decatouse de circunstancias que non se tiveron en conta no momento da redacción do proxecto orixinal, redactouse un proxecto modificado, que o Concello da Illa de Arousa presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024054749) na data 29/08/2024. O Concello tamén presenta un certificado do acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do mesmo. Os cambios introducidos no proxecto non modifican o importe total do orzamento da actuación, por tanto, non varía o importe de adxudicación do investimento.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 02/09/2024 (CSV: L5195055UJ8QLAS8).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na data 04/09/2024 acórdase que procede dar a conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria do Programa reitor e, polo tanto, as puntuación obtidas non se modifican.
- O 09/09/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: EECCEL203Q4FOYKJX).
- Na data 16/09/2024, o técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe aclaratorio, referente aos cambios nas superficies afectadas polas obras e aos seus usos respecto ao proxecto orixinal (CSV: HS2SY2PM86UO49QU).
- Na data 16/09/2024 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos



no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: M03CDEF0EAZRUVIY).

- O día 17/09/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: ZSSONKRX85LFJPNK).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/09/2024 (CSV: KPQATINSY89VZU1N).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación.



- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa para a execución da actuación denominada “Nova senda peonil no Paseo Naval” no marco do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que



conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto modificado presentado polo Concello da Illa de Arousa para a execución da actuación denominada “Nova senda peonil no Paseo Naval”, no marco do Programa PON2030 non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O orzamento do novo proxecto correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.



A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030, reunida en sesión de data 04/09/2024 informa favorablemente a supervisión do proxecto modificado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións e, en particular, no sistema de concorrència competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico modificado da actuación “Nova senda peonil no Paseo Naval” presentado polo Concello da Illa de Arousa ao abeiro do Programa PON2030, sen variación do importe total do orzamento inicial.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello da Illa de Arousa, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.8263.- **APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-9701 BAIÓN-ANDRÁS, DO PQ 0+000 AO PQ 0+560 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)” E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPTE. 2024052484)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ukB7R0AKlqz58SYJtJHruMS2usqEvs3DuoQbo0LbFNLUmns9>

Antecedentes.



1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9701 Baión–András, do PQ 0+000 ao PQ 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)*”. Preténdese mellorar as condicións de seguridade e de mobilidade dos peóns, mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado pola marxe esquerda da estrada entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+560, creando así un novo espazo peonil seguro e continuo que permita conectar as beirarrúas da PO-531 cos núcleos de poboación e os equipamentos públicos existentes no ámbito de actuación.

O orzamento das obras proxectadas é de novecentos sesenta e un mil novecentos corenta euros con oitenta e cinco céntimos (961.940,85 €). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímense en dezanove mil douscentos noventa e oito euros con noventa e dous céntimos (19.298,92 €).

2. O Concello de Vilanova de Arousa aprobou mediante resolución de alcaldía de 6 de xuño de 2024 un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a execución das obras o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 19 de xullo de 2024.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados finánciase integramente polo Concello de Vilanova de Arousa.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.



- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV) H60TG02QMHLPPPLA redactado polo enxeñeiro José P. Gosende Tuñas.
- No anexo 13 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 21/06/2024, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 13/06/2024 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.



- Certificación catastral das parcelas obxecto de expropiación e nota simple negativa informativa do Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa de 14 de agosto de 2024, con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o 22 de agosto de 2024, no que se fai constar que examinados os índices dese Rexistro, resulta que coas referencias catastrais das parcelas obxecto de expropiación non aparecen inscritos bens nin dereitos de ningunha clase.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que *“se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares”* (artigo 5.1).

3^a.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.



O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 13 de xuño de 2024 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que tense identificada esa zona como conflitiva no que a coexistencia de usos se refire, dado que neste treito existen importantes focos de atracción de mobilidade coma o CEIP de Sestelo-Baión, a Gardería e o Centro de Saúde de Baión, así coma os núcleos de poboación de Abelleira, A Fontenla e Rodo, carecendo sen embargo de ningún tipo de espazo ou área reservada para o desfrute dos colectivos máis vulnerables, sen beirarrúas ou sendas que permitan o tránsito peonil de forma cómoda e segura nun ámbito onde diariamente se desprazan un gran número de persoas camiñando, véndose obrigadas a ir por metade da estrada provincial, co risco e a inseguridade que iso supón, ó non existir ningún tipo de solución para os peóns, tratándose dunha actuación importante e necesaria para mellorar a seguridade da mobilidade peonil.”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.



2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.
4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

“a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.



2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

- a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.*
- b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.*
- c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.*

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: *“Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”*

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12.02.2021, lévanos a



concluir que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).



Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considerase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13/08/2024, e o Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 13/09/2024.

Polo indicado, e visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de *“Mellora da mobilidade peonil na EP-9701 Baión–András, do PQ 0+000 ao PQ 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)”* cun orzamento de 961.940,85 € e 19.298,92 € en concepto de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede



electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BENS AFECTADOS
1	36061A32210145	147,29	46,50 m de peche de pedra con malla electrosoldada.
			1,00 ud. de portalón metálico.
			82,00 m ² de viñedos.
			1,00 ud. de contador eléctrico.
			1,00 ud. de árbore froiteira.
2	36061A32200144	6,19	2,60 m de peche de bloque e malla electrosoldada.
			7,00 m de peche de pedra.
			1,00 ud. de portalón metálico.
			4,00 m ² de galpón
3	36061A32200138	41,72	15,25 m de peche de bloque e malla electrosoldada.
4	36061A32210137	54,64	45,70 m de peche de pedra.
			1,00 ud. de portalón metálico.
5	36061A32200135	63,84	23,00 m de peche de bloque e malla electrosoldada.
			1,00 ud. de portalón metálico.
			4,70 m de peche de pedra.
6	36061A32230133	42,34	
7	36061A30600132	205,70	



7.8264.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) EN DEFENSA DUN SISTEMA DE FINANCIAMENTO XUSTO E SOLIDARIO ENTRE AS COMUNIDADES E CIDADES AUTÓNOMAS (EXPTE. 2024063328)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/R3ONE6iNLza8n59ol6AEhPix1yKSwjaHO0uXIVib57HHrj7y>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 6 de setembro de 2024, acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) en defensa dun sistema de financiamento xusto e solidario entre as Comunidades Autónomas e Cidades Autónomas.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España e o seu modelo territorial atópanse nunha encrucillada crítica. O Goberno instaurou unha forma de facer política que desprazou o interese xeral e o ben común, centrando a súa atención unicamente nas ambicións políticas persoais do actual presidente. Como consecuencia diso, os españois padecemos decisións políticas arbitrarias que danan o noso Estado de Dereito e o noso Estado de Benestar.

A colección de cesións xa asumidas polo Presidente do Goberno para asegurar a súa continuidade na Moncloa provocou unha deterioración sen precedentes da saúde do noso Estado de Dereito. Hoxe, a todas elas súmanse as pactadas entre o PSOE e ERC para asegurarse unha investidura en Cataluña e unha prórroga da investidura nacional pactada fai menos dun ano. Entre elas, a peaxe separatista que suporía a quebra do dereito que temos todos os españois a acceder nas mesmas condicións a servizos públicos como a Sanidade, a Educación ou a Dependencia, así como unha ruptura do sistema de financiamento autonómico sen diálogo, consenso, nin ningún estudo técnico que o avale.



Á colonización e degradación das institucións, súmase o control dos recursos de todos a conveniencia das súas necesidades persoais. Con iso, consúmase a quebra dun dos valores democráticos máis esenciais que protexe a nosa Constitución: a igualdade. Desde o punto de vista territorial, por canto se desequilibra o sistema na prestación de servizos públicos, e tamén desde o punto de vista social, pois os maiores prexudicados serán os cidadáns que máis necesitan eses servizos.

O Estado é responsable da xestión adecuada dos recursos públicos, así como da súa redistribución para garantir a igualdade de oportunidades de todos os españois á marxe da súa situación económica. Se o Goberno renuncia a todos os impostos nunha comunidade autónoma, renuncia tamén a unha fonte de ingresos para reducir desigualdades e permite que unha parte dos cidadáns deixe de contribuír en igualdade de condicións a soste servizos públicos do Estado, incluídos os que axudan a redistribuír a renda persoal.

Esta ruptura dos principios de equidade e solidariedade conta coa permisividade do Partido Socialista e, como representantes públicos, non debemos renunciar a defender a igualdade de todos os españois. Un Goberno non pode dispoñer dos dereitos dos españois ao seu antollo nin converter ao noso país nun mosaico de intereses contrapostos onde a nosa diversidade e a nosa organización territorial se usen para enfrontar a cidadáns libres e iguais en dereitos.

Os problemas institucionais, sociais e económicos que esta decisión xera van máis aló da situación actual e do lexítimo debate sobre os modelos de financiamento. É un grave erro político e moral dinamitar o noso modelo de convivencia e reformular por completo o sistema de financiamento autonómico —tema que o Goberno ignorou durante anos, xunto coa revisión do financiamento local— unicamente por asegurar unha investidura.

Non debemos aceptar a adopción da linguaxe independentista que equipara a Cataluña cos partidos separatistas. Esta visión non só distorsiona a realidade, senón que tampouco esta proposta beneficiaría aos propios cidadáns cataláns. O obxectivo final do independentismo é facerse co control financeiro, a chamada "chave da caixa", para seguir impulsando o desafío do “procés” mediante novos mecanismos, o que non faría máis que profundar na decadencia política e social que afecta á rexión.



Así o declararon os únicos verdadeiros agraciados do acordo, os políticos separatistas, para os que a independencia fiscal é o paso previo a culminar a declaración de independencia total que iniciaron en 2017. Eles, constatando que é imposible lograr a independencia sacando a Cataluña do Estado, agora pretenden obtela sacando ao Estado de Cataluña, unha tarefa na que atoparon como aliado ao actual presidente do Goberno.

O inaudito é que o PSOE decidise non só colaborar con este propósito, senón erixirse no seu máximo artífice e defensor, desprotexendo á Nación de forma tan irresponsable cando as forzas independentistas recoñecen abertamente que o fin último dos recursos económicos adicionais que pretenden axenciarse á conta dos demais non é fortalecer o benestar de ninguén, senón unha estrutura administrativa que lles permita repetir o golpe de 2017 con maiores garantías. Non se trata dun mellor financiamento dos servizos públicos, nin tan sequera nunha Comunidade Autónoma. Trátase de financiar, cos recursos de todos, un propósito ideolóxico excluín-te.

Pero, por encima de todo, esta concesión dinamita o sistema de dereitos e deberes que nos demos na Constitución de 1978 e sobre o que cimentamos un Estado social e democrático de dereito, así como unha sociedade baseada na igualdade e solidariedade en termos económicos, sociais e de convivencia. A única forma de garantir o privilexio fiscal ao independentismo é prexudicando ao conxunto de españois, singularmente a aqueles que máis necesitan das políticas públicas como elemento de cohesión e igualdade social. Isto constitúe unha flagrante ruptura da solidariedade.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. Defender a igualdade e a solidariedade como principios irrenunciáveis do ordenamento constitucional e do Estado autonómico na toma de decisións.
2. Paralizar calquera avance cara á independencia fiscal solicitada polo separatismo e esixir garantías de que ningunha comunidade do actual sistema de réxime común sae do mesmo nin se fragmente a Axencia Tributaria.



3. Convocar de maneira urxente a Conferencia de Presidentes Autonómicos, co obxectivo de recuperar as mínimas bases do consenso e abordar conxuntamente, e desde a multilateralidade, a renovación do actual sistema de financiamento autonómico. Este modelo debe ser acordado no Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) e que a AIReF participe da análise da proposta do Goberno.
4. Garantir que a multilateralidade e transparencia sexan os principios sobre os que se fundamentará o proceso de estudo, traballo e aprobación do novo sistema de financiamento autonómico; abandonando a bilateralidade coas CCAA.
5. Convocar de maneira urxente o Consello de Política Fiscal e Financeira e a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) para promover unha reforma do sistema de financiamento local conxuntamente co financiamento autonómico. En ambos os casos, débese atender a todas as variables existentes en cada territorio que garantan a suficiencia financeira autonómica e a prestación de servizos en igualdade de condicións.
6. Basear a reforma do sistema de financiamento na análise de datos, traballando na cuantificación do futuro gasto en sanidade e políticas sociais derivados do envellecemento que segundo os estudos oficiais vai producir no noso país nos próximos anos, e no incremento exponencial do custo dos servizos públicos.
7. Respetar a autonomía fiscal das CC.AA. e a todas as competencias autonómicas e locais recollidas na Constitución e nos diferentes estatutos de autonomía.
8. Ampliar o montante económico total do sistema de financiamento autonómico e, en paralelo á reforma do mesmo, crear un Fondo Transitorio para paliar a infrafinanciación que padecen todas as CC.AA. e cidades autónomas.
9. Garantir a cogobernanza dos Fondos Next Generation e futuras inxeccións económicas da UE.
10. Facilitar ás CC.AA. dispoñer dos 18.000 millóns de euros de fondos europeos Next Generation que o Goberno non executou, co fin de evitar a devolución dos mesmos á UE.
11. Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia Primeira e Ministerio de Facenda, ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, aos portavoces parlamentarios no Congreso dos Deputados e o Senado e á Xunta de Goberno da FEMP.”



8.8265.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) SOBRE A SITUACIÓN POLÍTICA DE VENEZUELA (EXPTE. 2024062794)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/JNpPbDtJREGCpl1osRDejddzghy4TY9wqaK7k0JPnlXWX73B>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 20 de setembro de 2024, acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) sobre a situación política de Venezuela.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Venezuela sofre unha profunda crise política, económica e social, que se agravou nas últimas semanas polas accións do réxime de Nicolás Maduro e, en particular, pola fraude das eleccións presidenciais do 28 de xullo, ignorando os resultados electorais favorables á oposición.

A tiranía socialista non tivo vontade de garantir a celebración dunhas eleccións libres e transparentes, segundo conclúen todos os observadores e organismos internacionais, e perpetra agora unha fraude sobre os seus resultados que priva á oposición da súa vitoria nas urnas e do recoñecemento a Edmundo González como o lexítimo presidente electo.

Desde a falta de transparencia nas eleccións, ata a posterior intensificación da represión violenta contra a disidencia, incluída a sistemática violación dos dereitos humanos, o réxime de Maduro está a aferrarse ao poder á conta da vontade do pobo venezolano.

Isto, entre outras moitas razóns, evidencian a total falta de lexitimidade democrática dun réxime que segue sen recoñecer a súa derrota e sen favorecer o inicio dunha transición cara a democracia e dun plan de recoñecemento e respecto aos resultados electorais.



Ante esta realidade, segue resultando incompresible a morneza do Goberno de Sánchez coa ditadura de Maduro, e de formacións políticas como o BNG, que ten afirmado a súa confianza no sistema electoral venezolano, contradicindo todos os informes de organizacións internacionais independentes (tales como o Centro Carter e máis recentemente o Panel de Expertos Electorais da ONU) que acusan ao Goberno de Maduro de falta de transparencia e manipulación electoral.

Tamén seguen sen entenderse o silencio atronador do Executivo de España diante desta situación, o que deixa ao noso país á marxe de todas as iniciativas de denuncia promovidas pola comunidade internacional pola emerxencia democrática en Venezuela.

É por iso polo que, resulta urxente que o Executivo de España acorde sumarse mediante accións executivas inequívocas aos esforzos internacionais para esixir democracia, transparencia e respecto ao resultado das urnas en Venezuela. Mais aínda, cando son máis de 30.000 os galegos e galegas que residen actualmente en Venezuela.

Cómpre lembrar que millóns de venezolanos tiveron que abandonar o seu país en busca de protección internacional, convertendo a Venezuela na segunda nación con máis desprazados forzosos do mundo, despois de Siria.

España e Galicia, foron territorios de acollida destes exiliados venezolanos, que atoparon no noso país un espazo de liberdade, solidariedade e oportunidades. Aquí residen actualmente centenares de asilados políticos venezolanos que foron e seguen sendo obxecto dunha permanente persecución por parte do réxime político que preside Nicolás Maduro, incluíndo a imposibilidade de participar nas eleccións.

É de esperar que un sistema xudicial sen ningún tipo de imparcialidade —máis ben ao servizo do poder— avale as inxustizas do réxime liderado por Nicolás Maduro, como no seu momento foi cómplice da supresión e negación dos dereitos de participación pública dos dirixentes da oposición e agora da súa lexítima vitoria electoral.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta esta moción para solicitar ao Goberno de España:



PROPOSTA DE ACORDO

1. Liderar, diante da Unión Europea, o recoñecemento do presidente electo lexítimo de Venezuela, Edmundo González, e que se produza unha transición pacífica do país cara a unha democracia plena.
2. Condenar a sistemática política de criminalización, por parte do réxime de Nicolás Maduro, en contra dos cidadáns venezolanos que decidiron exercer os seus dereitos civís e políticos no marco da Constitución venezolana.
3. Esixir ao réxime de Nicolás Maduro o cesamento inmediato da represión a líderes de partidos opositores, activistas de dereitos humanos, sindicalistas, xornalistas, testemuñas electorais e demais cidadáns en exercicio dos seus dereitos civís e políticos e a violación dos dereitos humanos destas persoas.
4. Facilitar a tramitación, por parte das Administracións Públicas, das solicitudes de protección internacional feitas por cidadáns venezolanos que foxen da opresión política e da exclusión económica e social en Venezuela, así como dos trámites que lles permitan integrarse en España aos devanditos cidadáns.
5. Solicitar á Unión Europea o mantemento das sancións impostas ao réxime de Nicolás Maduro mentres non existan garantías fidedignas e comprobables dunha transición do país cara a unha democracia plena.
6. Recoñecer a situación de emerxencia humanitaria que vive Venezuela e a condición de vítimas de persecución política dos exiliados venezolanos en España.

Asemade, a Deputación de Pontevedra acorda como Resolución, manifestar o seu apoio e adhesión a todas as iniciativas de protesta pacífica organizadas pola oposición venezolana e polos exiliados residentes no noso país, nas que se reclame o fin da represión, o inicio dun proceso de transición cara a democracia e un plan de recoñecemento e respecto aos resultados electorais en Venezuela.”



9.8266.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE AUMENTE OS IMPORTES RELATIVOS NA PARTICIPACIÓN NO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL COS CONCELLOS (EXPTE. 2024063349)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Pg9TWlj58ZRpl8lWqdKnweDYAVOkXjHKKeGAfd76xUFnlpQFm>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir á Xunta de Galicia que aumente os importes relativos na participación no Fondo de Cooperación Local cos concellos.

10.8267.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/zoernwD0ypnS10y8o7Z8LUqLtliz7XCgYC2QbB9jmWegMMMD>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

11.8268.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE AGOSTO DE 2024 (EXPTES. 2024062797 – 2024060744)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/aoYUlw2rz1ndSXB1Nd7odw7eJlrepmQo78cSofKnB44RW7dL>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra



incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de agosto de 2024, asinado pola Viceinterventora, con data 9 de setembro de 2024, onde deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de agosto de 2024 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES AGOSTO 2024

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Agosto	6,7585753095	3.924.949,88	10,9273223288	1.509.603,13	7,9165644830
Escola de Enfermería	Agosto	11,0000000000	2.077,97	11,1734837800	170,16	11,0131309132
Consorcio de Incendios	Agosto	10,9456544204	27.143,33	0,0000000000	0,00	10,9456544204



e						
Salvamento						
Consortio Deza Tabeirós	Agosto	4,5272451400	14.261,26	0,0000000000	0,00	4,5272451400
TOTAL			3.968.432,44		1.509.773,29	7,9240204110

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 20 de setembro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

12.8269.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/5MdrdTSjilMOHdOgNyXCpTWbnPjzw4sQBBwJf8JTcRtRVuKi>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de agosto de 2024.



- b) Relación de extractos de Resolucions do ORAL do mes de agosto de 2024.

13.8270.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/IWdtDsvCn4iziimjvK54UcyGDRQCBCD3Tx8g8rnUNDSqcsGy>

Sr. Presidente.- Preguntas. ¿Non sei se, se hai algunha pregunta, algún rogo, para efectuar? Pois non, non habendo, ¡ai!, perdón, perdón, perdón, ten a palabra o deputado socialista don Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Si, gracias, Presidente. Eu teño un rogo no sentido de que esta semana nos enteramos de que supostamente se remite un convenio ao Concello de Pazos e resulta que a noticia da Deputación di que non se quixo firmar o convenio, se lle reprocha precisamente ese feito de que non firmaran o convenio. Logo nos enteramos que resulta que a Deputación de Pontevedra remite o prego de expropiación correspondente ao Concello de Pazos de Borbén con algunhas fincas que pertencen ao Concello de Redondela, evidentemente, como todos sabemos, é imposible, porque é irregular, porque, bueno, é ilegal, e ademais non pode ser, evidentemente, os servizos técnicos e xurídicos do Concello de Pazos de Borbén informan que iso non é viable e polo tanto, non se firma ese convenio. Entón esiximos, esiximos que despois de tanto tempo ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é a pregunta?

Sr. Agís Gómez.- É un rogo. Esiximos que despois de tanto tempo, ese proxecto, que leva tempo parado, que pasou xa máis de ano e medio desde a aprobación, que se remita o prego correcto ao Concello de Pazos, de expropiación; que a parte correspondente de expropiación que lle corresponde ao Concello de Redondela se lle remita ao Concello de Redondela, que non ten ningún problema en asumir a parte correspondente da expropiación que pertence ao Concello de Redondela, e que resolvan este asunto dunha vez, porque a verdade é que non sei que pasa, coa EP-2702, pero é verdadeiramente lamentable, as demoras e o que está tardando co conseguinte



perigo para os peóns dunha estrada que está nun estado claramente lamentable. Gracias.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas, eu, pois, unha vez que me permiten a ocasión aproveito para saudar a Cesar Alarcón o que é o representante do colectivo de ... Vale, moitas grazas. E tamén, e tamén aproveito para saudar precisamente aos veciños de Pazos de Borbén, porque entendo, entendo a súa demanda, especialmente nunha semana onde pasou algo inaudito nesta Deputación no que a sinaturas de convenios con concellos se refire. Nós xa nos estrañaba moito o que estaba pasando, porque no momento no que se remite un convenio a un Concello hai unha axilidade media desde os 20 días aos dous meses, e temos exemplos recentes, como pode ser, xa non digo concellos que se poden interpretar que son do PP, non, estoume a referir a Cangas, pero é que en Pazos de Borbén fai cinco meses que mandamos un borrador de convenio, como mandamos absolutamente a todos os concellos. É que nos atopamos, déixenme, que nos, perdón, teño a palabra, que nos atopamos que esta semana, que, a ver, ¡silencio, por favor!, nos atopamos con algo inaudito. Esta semana chega un escrito do Concello cun informe desfavorable a iso. Por iso que eu entendo a súa preocupación, pero eu, a ver, se entre todos facemos e logramos que o Concello entre en razón e resolva esa parte onde xa se lles deron tamén as fórmulas todas, porque mirade, o tempo corre, o tempo corre, así que, por iso, a efectos dese rogo, e vostede, señor deputado, que foi antes de Infraestruturas, sabe como vai isto perfectamente. Polo tanto, eu xa digo, eu agradezo e lles pido que nos boten tamén unha man, porque nós a primeira fase da estrada de Pazos de Borbén queremos que sexa unha realidade. Temos o millón de euros dispoñible, pero tamén entendan que, se o Concello non fai os seus deberes, nós de cara ao final de ano, ese millón de euros senón vai para Pazos de Borbén, ten que ir para outro Concello, non imos a castigar outro Concello. Polo tanto, non sei se, non sei se hai algún rogo ou pregunta máis. Ten a palabra. Silencio, por favor, ten, ten a palabra, ten a palabra o deputado Paco Ferreira. Ten a palabra o deputado Paco Ferreira. Grazas. Pero si estamos totalmente de acordo. Mire, estamos todos, estamos totalmente de acordo. Eu pídolles, pídolles por favor que nos boten unha man para que o Concello, para que o Concello faga a súa parte. Moitas grazas. Eu insisto, confío que entre todos, que entre todos, fagamos entrar en razón ao Concello. Moitas grazas. Vale. Máis rogos, ten un rogo o deputado Paco Ferreira.



Sr. Ferreira González.- É unha pregunta Presidente. Quería saber cando nos van a chamar para asinar o convenio de mellora da estrada coñecida como a estrada de Clemente, pero que atende á nomenclatura de EP-2108?. Grazas.

Sr. Presidente.- ¿Concello de? A estrada de Clemente. Témola. Tanto detalle ... Ben. ¿Algunha cuestión máis que haxa que formular? Nada. Pois moitísimas gracias pola asistencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e dous minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 27 de setembro de 2024 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 27-setembro-2024”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade <https://depontevedra.seneca.tv:443/s/dC610Bf5HFjkJoUvrlepe11UnRyAj3InTNCtMluJweJbOCBT.wmv> SHA512 -
4a4971dc565638aaf445421724e362b1f069661c89a6675cdc74b5ce31cb553d79cfe5c
ac478045ba17cf5d56597942733ce92e20443bd1fe5d5b673af7442a2
xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=YTk4MGYwMjEtNTRmMC00YzE2LThmZjEtZDY4YTdiNmFmNzBl>

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor;
Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez,



- María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Couselo Torres,
María Isabel; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén;
Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro;
Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela
López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna
Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís;
Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz,
Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez
Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea,
María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz; Remoto;
- 00:00:11 - López Diéguez, Luis
- 00:00:18 : 1.Aprobación do borrador da acta da anterior sesión
extraordinaria de 13 de setembro.
- 00:00:41 : 2.Aprobación da segunda prórroga do acordo marco que regula as
obras de cunetas de seguridade na rede viaria da deputación
(exptes. 2024062793-2021053554).
- 00:00:54 - Cubela López, Jorge
00:02:24 - López Diéguez, Luis
00:02:43 - Agís Gómez, Gregorio Luís
00:03:48 - López Diéguez, Luis
- 00:04:09 : 3.Adquisición directa e onerosa, pola Xunta de Galicia e a
Deputación de Pontevedra, dun inmovible no Concello de Vigo
coñecido como “Teatro Cine Fraga” (exptes.
2024062796-2024062333).
- 00:04:21 - Sánchez Méndez, Luisa
00:06:46 - López Diéguez, Luis
00:06:52 - Mosquera Lorenzo, César
00:10:53 - López Diéguez, Luis
00:11:03 - Iglesias González, Ana Laura
00:16:19 - Sánchez Méndez, Luisa
00:18:47 - Sánchez Méndez, Luisa
00:19:31 - López Diéguez, Luis
00:19:34 - Sánchez Méndez, Luisa
00:19:43 - López Diéguez, Luis
00:19:49 - Iglesias González, Ana Laura
00:19:57 - Mosquera Lorenzo, César
00:20:12 - Mosquera Lorenzo, César
00:23:06 - López Diéguez, Luis
00:23:13 - Iglesias González, Ana Laura
00:26:25 - López Diéguez, Luis
00:26:38 - Sánchez Méndez, Luisa
00:28:49 - López Diéguez, Luis
00:28:53 - Sánchez Méndez, Luisa
00:28:58 - López Diéguez, Luis
- 00:31:27 : 4.Resolución do convenio de colaboración entre a Deputación e o
Concello de Pontevedra para a execución do novo vial de
interconexión entre a rúa de Rosalía de Castro (antiga estrada a
Marín) e a avda. de Marín en Mollavao: acceso oeste a Pontevedra
(exptes. 2024064394-2020054472).



- 00:31:57 : 5.Aprobación do proxecto técnico modificado da actuación “Nova senda peonil no Paseo naval” presentado polo concello da Illa de Arousa ao abeiro do programa PON2030 (exptes. 2024064396-2023030705).
- 00:32:22 : 6.Aprobación do proxecto de “mellora da mobilidade peonil na EP-9701 Baión-András, do p.q. 0+000 ao p.q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)” e do expediente de expropiación (expte. 2024052484).
- 00:32:42 : 7.Moción do grupo provincial do Partido Popular (PP) en defensa dun sistema de financiamento xusto e solidario entre as comunidades e cidades autónomas (expte. 2024063328).
- 00:32:54 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:36:43 - López Diéguez, Luis
00:36:51 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:36:54 - Mosquera Lorenzo, César
00:40:46 - López Diéguez, Luis
00:40:56 - Iglesias González, Ana Laura
00:46:00 - López Diéguez, Luis
00:46:03 - Iglesias González, Ana Laura
00:46:07 - López Diéguez, Luis
00:46:19 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:49:24 - López Diéguez, Luis
00:49:27 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:49:33 - López Diéguez, Luis
00:49:41 - Mosquera Lorenzo, César
00:52:30 - López Diéguez, Luis
00:52:38 - Iglesias González, Ana Laura
00:55:42 - López Diéguez, Luis
00:56:05 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:58:18 - López Diéguez, Luis
00:58:23 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:58:29 - López Diéguez, Luis
- 00:59:00 : 8.Moción do grupo provincial do Partido Popular (PP) sobre a situación política de Venezuela (expte. 2024062794).
- 00:59:12 - Cubela López, Jorge
01:04:20 - López Diéguez, Luis
01:04:30 - Mosquera Lorenzo, César
01:08:59 - López Diéguez, Luis
01:09:08 - Iglesias González, Ana Laura
01:14:12 - López Diéguez, Luis
01:14:22 - Cubela López, Jorge
01:17:28 - López Diéguez, Luis
01:18:03 - Cubela López, Jorge
01:18:08 - Mosquera Lorenzo, César
01:18:30 - López Diéguez, Luis
01:18:38 - Iglesias González, Ana Laura
01:21:43 - López Diéguez, Luis
01:21:48 - Iglesias González, Ana Laura
01:21:58 - López Diéguez, Luis
- 01:22:31 : 9.Moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE para esixir á Xunta de



Galicia que aumente os importes relativos na participación no
Fondo de Cooperación Local cos concellos (expte. 2024063349).

01:22:41 - Ferreira González, Paco

01:27:44 - López Diéguez, Luis

01:28:04 - Cubela López, Jorge

01:33:02 - López Diéguez, Luis

01:33:09 - Cubela López, Jorge

01:33:16 - López Diéguez, Luis

01:33:23 - Ferreira González, Paco

01:37:37 - López Diéguez, Luis

01:37:44 - Cubela López, Jorge

01:41:49 - López Diéguez, Luis

01:42:03 - Cubela López, Jorge

01:42:12 - Ferreira González, Paco

01:44:19 - López Diéguez, Luis

01:44:41 - López Diéguez, Luis

01:47:14 : 10.Asuntos fóra da orde do día.

01:47:16 : 11.Dar conta do informe de intervención do período medio de pago
a provedores correspondente ó mes de agosto de 2024 (exptes.
2024062797-2024060744)

01:47:24 : 12.Dar conta das resolucións presidenciais.

01:47:29 : 13.Rogos e Preguntas.

01:47:46 - Agís Gómez, Gregorio Luís

01:48:49 - López Diéguez, Luis

01:48:52 - Agís Gómez, Gregorio Luís

01:49:47 - López Diéguez, Luis

01:52:59 - López Diéguez, Luis

01:53:21 - Ferreira González, Paco

01:53:38 - López Diéguez, Luis

01:54:14 - López Diéguez, Luis

01:55:22 - López Diéguez, Luis

01:56:03 - Ferreira González, Paco

01:56:27 - López Diéguez, Luis

01:57:24 : [FIN]

-- o --

